

Guía de procedimientos e servizos

MR404A - Axudas á incorporación de mozos/as á actividade agraria.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 18/01/2016 - 18/03/2016.

Un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Prazo de resolución: Seis meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- a) Anexo I desta Orde.
- b) Copia do DNI. A copia do DNI deberase presentar no caso de non autorizar a Consellería do Medio Rural e do Mar para a consulta de datos do DNI no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- c) Copia do DNI do representante legal, no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e acreditación da súa representación (se é o caso).
- d) Presentar un plan empresarial, que debe incluír a situación inicial da explotación agraria, as metas e obxectivos para o desenvolvemento das actividades da explotación e o detalle das accións requiridas, incluídas as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia de recursos, que inclúan investimentos e gastos asociados para a instalación do mozo, ademais da formación, asesoramento e calquera outra actividade que se vaia desenvolver. O plan deberá estar realizado segundo o anexo V.
- e) Informe de vida laboral de todas as UTA e socios da explotación. No caso de asalariados, a maiores, copia do contrato e informe de vida laboral da empresa.
- f) Xustificación do nivel de capacitación profesional suficiente. No caso de títulos oficiais do Ministerio de Educación, só se ten que presentar esta documentación no caso de que a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- g) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre as declaracións do IRPF dos últimos catro anos presentadas polo/a solicitante e, se é o caso, copia da declaración do IRPF do último exercicio cuxo prazo para a presentación en período voluntario teña rematado (no caso de haber rendementos do traballo achegarase certificado de retencións). Así mesmo, todos aqueles interesados que xa presentaron a súa declaración da renda no período voluntario que estea aberto no momento da publicación desta orde poderán presentar esta última declaración. Esta documentación só se ten que presentar no caso de que se denegue expresamente a súa consulta..
- h) Solicitude de cambio de titularidade da explotación, no caso de realizar este trámite simultaneamente, en favor



do agricultor/a mozo/a, axustado ao modelo normalizado da consellería; ou solicitude de alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

- i) Solicitudes de transferencia, en favor da nova persoa titular, de ser o caso, dos dereitos de prima que tivese a explotación, agás no caso de instalación nunha explotación asociativa.
- j) Escritura pública (arrendamento do predio ou predios, compravenda, cesión, etc.), ou documento de arrendamento a través do Banco de Terras de Galicia, xustificativa da instalación, se é o caso.
- k) Para a modalidade 2: a escritura pública onde conste:

i. A relación de todos os elementos que compoñen a explotación, valorados a prezo de mercado dos que, sendo propietario ou titular, estean integrados nela, con expresión detallada dos que se lle transmiten ao/á mozo/a, que deberán representar, polo menos, un terzo do valor total daqueles. Sen prexuízo do anterior, incluírase na transmisión, polo menos, un terzo da propiedade, tanto dos predios rústicos como do conxunto dos restantes bens inmobles. En todo caso, deberá indicarse expresamente que os usos e o aproveitamento de todos os elementos da explotación transmitidos ao/á mozo/a cotitular continuarán integrados na referida explotación.

ii. Un acordo, cunha duración mínima de seis anos, entre a persoa titular e o/a agricultor/a mozo/a conforme este compartirá as responsabilidades xerenciais, os resultados económicos da explotación, os riscos inherentes á súa xestión e aos investimentos que nela se realicen, nunha proporción igual ou superior ao 50 %.

- l) No caso de instalarse mediante a modalidade 3:

i. Unha certificación expedida polo órgano reitor da entidade, onde se especifiquen as condicións de participación do/a agricultor/a mozo/a e a súa contribución.

ii. Os estatutos da entidade e acta de constitución.

iii. A relación de socios/as que exercen a dirección técnica e de xestión.

- m) De querer optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario para instalarse, presentaranse tres orzamentos ou, no caso de ter realizado gastos xerais dos proxectos, as facturas cos correspondentes xustificantes de pagamento.
- Os documentos sinalados nas anteriores letras h), i), j), k) e l) poderán ser presentados unha vez aprobada a subvención xunto coa xustificación da realización do plan empresarial. Nestes casos, coa solicitude de axuda á primeira instalación xuntarase un compromiso debidamente asinado.
- Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.
- A documentación complementaria que se incorpore á solicitude poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude de axuda, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

- No caso de que algún dos documentos que se van presentar por parte da persoa solicitante, de forma electrónica, superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou

código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

- Ademais, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- No prazo de presentación de solicitudes, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS E ASOCIACIONISMO AGRARIO

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: 981546396 / 981546275 Fax: 981546892

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

R/ Vicente Ferrer, 2

15008

A CORUÑA

Teléfono: 981184554 / 981182256 Fax: 981184474

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
Ronda da Muralla, 70
27071
LUGO
Teléfono: 982294465 / 982294526 Fax: 982294808

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

SERVIZO DE EXPLOTACIONES AGRARIAS
R/Florentino López Cuevillas, 4-6 baixo
32003
OURENSE
Teléfono: 988386531 Fax: 988386482

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE EXPLOTACIONES AGRARIAS
R/ Fernández Ladrera, 43-2º
36003
PONTEVEDRA
Teléfono: 886206199 / 986805422 Fax: 886206588

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria para o ano 2016 das axudas que, en réxime de concorrencia competitiva, vai conceder a Consellería do Medio Rural para actuacións de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2014-2020.

Beneficiarios

1. Agricultor activo: titular dunha explotación agraria que cumpre coas condicións establecidas no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014.

2. Agricultor mozo: a persoa que no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos os corenta e un anos, e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación, de xeito individual, como cotitular ou como socio.

Poderá ter a consideración de agricultor mozo aquel que, sendo titular dunha explotación agraria, esta sexa considerada de autoconsumo ou non comercial.

3. Agricultor profesional: a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, polo menos o 50 % da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte da renda procedente directamente da actividade agraria da súa explotación non sexa inferior ao 25 % da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes estean vinculados ao sector agrario. Tamén se considerarán actividades complementarias as de transformación dos produtos da explotación agraria e a venda directa dos produtos transformados da súa explotación, sempre e cando non sexa a primeira transformación especificada no número 1 do artigo 2 de la Lei 19/1995, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, ao igual que as cinxéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

Requisitos

Os/as agricultores/as mozos/as que desexen acceder ás axudas á incorporación de agricultores mozos á actividade agraria deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser agricultor mozo.

b) Cumprir a condición de agricultor profesional.

c) Posuír o nivel de capacitación profesional suficiente no momento da solicitude da axuda, segundo se establece no Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, ou comprometerse a adquirilo nun prazo improrrogable de 36 meses desde a instalación.

d) A explotación en que se produce a instalación debe alcanzar, como incorporación do mozo, unha renda unitaria de traballo igual ou superior ao 35 % da renda de referencia anual e inferior ao 120 % desta.

e) Cumprir o plan empresarial.

f) Non ter rematado o proceso de instalación antes da solicitude da axuda.

g) Exercer o control efectivo da explotación.

Así mesmo deberán:

a) Comprometerse por escrito a exercer a actividade agraria durante cinco anos, contados desde a instalación.

b) Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional, coa propia orde e co Programa de desenvolvemento rural de Galicia aprobado pola Unión Europea,

coa execución do plan empresarial.

Normativa

AUTONÓMICA

ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se convocan para o ano 2016 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014_2020. (DOG nº 247 do 29 de decembro de 2015).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>